

# CHAMÁMONOS TODOS ALÍ

# 1134

Rainer Werner Fassbinder, 1974

---

ESTREA EN NUMAX: 06.07.2023 | V.O.S.E. | +13 | 93 min

Nun café ao que acoden os traballadores inmigrantes, Emmi Kurowski, unha viúva duns sesenta anos, coñece a Salem, un marroquí na trintena. Inducido pola dona do bar, Salem invita a Emmi a bailar, falan, acompañaa á casa e, ao día seguinte, queda a vivir con ela. Esta relación provoca un gran escándalo, e as veciñas visitan ao propietario do edificio para denunciar a Emmi.

«Simplemente un dos filmes máis fermosos da historia»

Tom Huddleston, TIME OUT

---



## Un amor, dúas opresións

Por Chris Fujiwara

Con *Chamámonos todos Alí* (1974), Rainer Werner Fassbinder asina unha das maiores películas da súa carreira e do Novo Cinema Alemán. Co seu persoal estilo, teatral por veces, Fassbinder explorou na súa filmografía temas como o poder, a explotación e a loita de clases, con filmes incisivos e sombríamente irónicos, que van do rigor brechtíán ao melodrama máis colorido.

*Chamámonos todos Alí* acada un equilibrio perfecto entre a implicación emocional e a distancia crítica, cunha intensidade e unha madurez que a sitúan entre as súas obras mestas. Tamén ten unha tenrura sen par no traballo do director. A orixe do filme remóntase a outras dúas obras. N'*O soldado americano* (1970), de Fassbinder, unha camareira de hotel conta a historia de Emmi, muller da limpeza que vive en Hamburgo e coñece nun bar a Ali, un traballador inmigrante turco que casa con ela. Ao final da historia Emmi morría esganada. Pouco despois de realizar esta obra, Fassbinder coñece os melodramas realizados en Hollywood por Douglas Sirk, director nacido en Alemaña e emigrado aos Estados Unidos, que para Fassbinder probaba que era posible facer obras persoais e rigorosas que implicasen ao público. Unha das que máis impactou ao director foi *All That Heaven Allows* (1955), na que o romance entre unha viúva acomodada e un xardineiro máis novo contaba coa oposición de fillos e veciños, a cada cal máis *snob* e envexoso.

(...) O estilo do filme é tan sobrio como maxistral. Para mostrar a situación da parella, Fassbinder emprega diferentes recursos visuais. A porta da cociña de Emmi convértese nun marco variable que atrapa os personaxes na súa infelicidade (como cando ela fica soa logo de que Alí saia tomar cuscús) ou acolle un momento de intimidade roubado á soidade. Nas escenas das escaleiras do edificio de departamentos onde limpa Emmi, o cineasta emprega elementos verticais (columnas, fiestras) para dividir os personaxes e transmitir as diferenzas de poder entre eles.

Outra figura expresiva é o uso do plano xeral que revela a soidade da parella. Cando saen do rexistro civil baixo a chuvia, a soidade e a indiferenza á que se enfrontan parecen tomar forma visible. Na escena da terraza, a parella encóntrase abandonada nun mar de mesas amarelas e a cámara séguelos nun xesto instintivo de empatía. Outro exemplo é o restaurante onde celebran a voda e no que portal interior enmarca cerimoniosamente a parella, mentres as mesas baleiras testemuñan a ausencia de calquera contexto social para a súa felicidade e calquera apoio externo para Emmi e Ali.

(...) Resulta tamén destacable comprobar como algúns personaxes secundarios mostran unha actitude menos negativa cara á parella: a muller do tendeiro, o fillo do dono do piso e a dona do bar. Este detalle pode ofrecer certa esperanza cara á posible transformación dalgúns dos personaxes aínda que ás veces resulte difícil de imaxinar, como no caso do que encarna o propio Fassbinder, o máis nugallán e desagradable do filme.

Nunha entrevista, Fassbinder definiu a Douglas Sirk como “un home que ama os seres humanos e non os despreza como facemos nós”. Parece que o cineasta alemán se concedeu a si mesmo un pouco de crédito con *Chamámonos todos Alí*.



Na librería  
NUMAX  
[numax.org/librería](http://numax.org/librería)

*Rainer Werner Fassbinder.*  
*Amor y rabia,*  
Quim Casas.  
Nosferatu, 2019

*The stationmaster's wife,*  
Rainer Werner Fassbinder.  
New Yorker Video [DVD]

*Una canción. Lili Marleen,*  
Rainer Werner Fassbinder.  
Divisa [DVD]